

**II. AUTORIDADES E PERSOAL****b) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Decreto 192/2007, do 20 de setembro polo que se dispón a substitución dun membro do Consello Escolar de Galicia.*

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, no artigo 10 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se desenvolve esta lei, no artigo 16.1º c) do Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia, e atendendo á petición de substitución formalizada pola Confederación Galega de APAs de Centros Públicos-Confapa Galicia, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte de setembro de dous mil sete,

**DISPOÑO:****Artigo 1º**

Que cese Olga Patiño Doval como membro do Consello Escolar de Galicia en representación dos pais de alumnos pola Confederación Galega de APAs de Centros Públicos-Confapa Galicia.

**Artigo 2º**

Nomear como membro do Consello Escolar de Galicia, nas condicións determinadas na Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, en representación dos pais de alumnos pola Confederación Galega de APAs de Centros Públicos-Confapa Galicia, a Virgilio Gantes Gómez.

**Artigo 3º**

O mandato do novo membro será polo tempo que resta para completar o período da representatividade que exerce.

*Disposición derradeira*

Este presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de setembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE  
E DO BENESTAR**

*Orde do 4 de outubro de 2007 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 27 de abril de 2007 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para actividades realizadas por escolas de tempo libre e se procede á súa convocatoria.*

O 8 de maio de 2007 publicouse no DOG nº 88 a citada Orde do 27 de abril de 2007.

O artigo 9 da mencionada orde establece o prazo de xustificación da subvención dispoñendo que: «O período que se establece para xustificar as axudas será ata o 15 de outubro de 2007, inclusive...».

Non obstante, por causas sobrevidas o prazo establecido resulta de difícil cumprimento, polo que co fin de garantir a maior eficacia posible da convocatoria das referidas subvencións, é procedente ampliar o devandito prazo para a xustificación da subvención.

De acordo co anterior, vistos a Lei 38/2003 de subvencións, o regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, publicado o 21 de xullo, o artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como a normativa de desenvolvemento,

**DISPOÑO:**

**Artigo único.-Ampliación do prazo de xustificación.**

Amplíase ata o día 30 de novembro de 2007 o límite do prazo de presentación da documentación xustificativa previsto no artigo 9 da Orde do 27 de abril de 2007 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para actividades realizadas por escolas de tempo libre e se procede á súa convocatoria.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2007.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar